

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE XULLO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trinta de xullo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 23 de xullo de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Lei 4/2019, da Presidencia da Xunta de Galicia, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 141, do 26 de xullo de 2019).

- Escrito de dona Marta Maria Vázquez Golpe, concelleira do Grupo Popular, rexistrado de entrada o día 24 de xullo de 2019, co número 9/1148, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende os días 24 de xullo ao 2 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos.

- Escrito de dona Maria Jesús González Roel, concelleira do Grupo Popular, rexistrado de entrada o día 29 de xullo de 2019, co número 0/5176, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende o día 3 ao 18 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos.

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 19 ao 24 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Alcaldía número 1481/2019 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1524/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1481/2019	19-07-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de xullo de 2019
1482/2019	19-07-2019	Subministración da manutención das persoas voluntarias de protección civil durante a IV Romaría Galaico Romana Galaicoi
1483/2019	19-07-2019	Contrato menor para a adquisición dunha TV no Centro 3ª Idade do Temple
1484/2019	19-07-2019	Conceder o anticipo reintegrable a don RPM
1485/2019	19-07-2019	Aprobación do gasto e do desenvolvemento da campaña de prevención do acoso sexual en grandes eventos ano 2019. Modificación.
1486/2019	19-07-2019	Expediente de orde de execución por estado de finca sita no Retiro, Meixigo, Cambre. Propiedade: BC, S.A.-CH, S.L.
1487/2019	19-07-2019	Concesión axuda de alimentación de JJDM
1488/2019	19-07-2019	Corrección de erro material Resolución de Alcaldía num 1480/2019 de 18 de xullo de 2019
1489/2019	19-07-2019	Denegar a axuda vale alimentación segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: AIGM
1490/2019	19-07-2019	Conceder a axuda gastos farmaceuticos por importe de 39,10 euros. Solicitante: ASMDE
1491/2019	19-07-2019	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2019 – I, dentro do período abril a setembro
1492/2019	19-07-2019	Autorización de venda ambulante ocasional no IV Galaicoi 2019
1493/2019	20-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1494/2019	20-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1495/2019	22-07-2019	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Peirao, Bribes.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Solicitante: UFD DE, S.A
1496/2019	22-07-2019	Pagamento nómina do mes de xullo de 2019 por un importe bruto de 377.852,83 euros
1497/2019	22-07-2019	Conceder a licenza municipal para a reparación duns treitos dos camiños públicos núms. 296 e 354 sitos en Muíño Vello, Anceis. Solicitante: CA de Cambre
1498/2019	22-07-2019	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Piñeiro, Brexo. Solicitante: UFD DE, S.A.
1499/2019	22-07-2019	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida de telecomunicacións por cable na nave sita na rúa Daimler, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre. Solicitante: R, C y TG, S.A.
1500/2019	22-07-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 7.493,12 euros
1501/2019	22-07-2019	Aprobación da xustificación así como recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á convocatoria de bolsas para deportistas de Cambre durante 2018
1502/2019	22-07-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por un importe total de 4.743,02 euros
1503/2019	22-07-2019	Corrección de superficie de parcelación de finca sita en San Roque, Sta. Maria de Vigo, resultando dúas parcelas e regularización das superficies das fincas resultantes da parcelación con exp. 11/06/13
1504/2019	22-07-2019	Baixa de recibos polo servizo de subministración de auga e sumidoiros liquidados a contribuíntes e liquidacións aos substitutos do contribuínte
1505/2019	22-07-2019	Subministración de material para sinalización vertical viaria
1506/2019	22-07-2019	Aprobación dos padróns da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal e taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do ano 2019
1507/2019	23-07-2019	Expediente de reposición da legalidade urbanística por construción de cheminea en finca sita en estrada da Estación, Cambre. Propiedade: EOR
1508/2019	23-07-2019	Denegar a axuda alimentación por non estar acreditada a situación de necesidade de YSJB
1509/2019	23-07-2019	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCVS
1510/2019	23-07-2019	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de xullo de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de xullo de 2019
1511/2019	23-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1512/2019	23-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico

1513/2019	23-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1514/2019	23-07-2019	CM : Catering Banda da Loba
1515/2019	23-07-2019	Conceder a licenza para as obras de ampliación da vivenda unifamiliar situada no lugar de Volteiro, parroquia de Cecebre, para destinar a actividade de estanco. Solicitante: CBL
1516/2019	24-07-2019	Celebración voda civil de SAS e DIM o 26 de xullo ás 12 horas.
1517/2019	24-07-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 35.044,02 euros
1518/2019	24-07-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 52 m ² da vía pública cunha terraza durante o mes de xuño fronte ao local Garimbas bar sito no Paseo Marítimo, parroquia do Temple. Solicitante: RPFAL
1519/2019	24-07-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 13 m ² da vía pública cunha terraza durante o mes de xuño fronte ao café-bar Amodiño sito na rúa Párroco M. Cobas, parroquia do Temple. Solicitante: JÁTM
1520/2019	24-07-2019	Corrección de erros da Resolución de Alcaldía núm. 1377/2019, de data 8 de xullo de 2019 (2019/G003/001431)
1521/2019	24-07-2019	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividade física e saúde mes de xuño 2019
1522/2019	24-07-2019	Recoñecemento extraxudicial de créditos num.25 A, correspondente a facturas con reparos por importe total de 73.215,80 euros
1523/2019	24-07-2019	Expediente sancionador por instalación de terraza sen licenza o sen adaptarse ao solicitado en local denominado Jaleo sito en rúa Ánxel Fole, O Temple. Propiedade: SCL
1524/2019	24-07-2019	Conceder a licenza municipal para a instalación dun toldo na fachada do café-bar "El 17" sito na rúa Curros Enríquez, O Temple. Solicitante: DANM

4º. Informes doutros asuntos de área

Non se utilizou este punto da orde do día.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación a favor da empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L., no prezo ofertado de 115.555,00 euros IVE incluído (95.500,00 euros sen IVE), do servizo de produción e contratacións artísticas do XXVIII Festival Rock in Cambre 2019.Expte: 2019/C004/000014

- Proposta de adxudicación a prol da empresa "Hebe Sport, S.L.", no prezo total ofertado de 155.886,02 euros IVE incluído (141.714,56 euros sen IVE), do procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares.Expte: 2018/C004/000025

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa *Ceta Contratas, S.L.* adxudicataria da obra "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon" obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon", convenio nº 81/2018 de data 7 de novembro de 2018". Expediente 2018/C003/000030

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación a favor da empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L., no prezo ofertado de 115.555,00 euros IVE incluído (95.500,00 euros sen IVE), do servizo de produción e contratacións artísticas do XXVIII Festival Rock in Cambre 2019.Expte: 2019/C004/000014

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000014 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, do servizo de produción e contratacións artísticas do XXVIII Festival Rock in Cambre 2019 , cun orzamento base de licitación de 119.790,00 euros IVE incluído e un valor estimado de 99.000,00 euros.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 11 de xullo de 2019 respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data a prol do licitador "Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.", no prezo ofertado de 115.555,00 euros IVE incluído (95.500,00 euros sen IVE), por ser a única empresa presentada , cumprir cos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato,

segundo informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 24 de xullo de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 24 de xullo de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 166 FASE D/AD emitido pola interventora accidental municipal con data do 26 de xullo de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 11 de xullo de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela a oferta presentada pola empresa "Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.", por ter presentado o sobre ou arquivo electrónico coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 11 de xullo de 2019, a seguinte valoración da oferta presentada, determinando que non se atopa incursa en presunción de ser anormalmente baixa, por non ser inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67 %.

EMPRESA	Puntos criterio Prezo ofertado	Puntos criterio cartel artístico	Oferta anormalmente baixa	Puntuación Total
Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.	60	40 (coincidentes cos indicados no prego de prescricións técnicas particulares)	NON (resultaría anormalmente baixa aquela oferta que fose inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67 %, - 82.496,70 euros sen IVE-, cláusula 16.3.2 PCAP, sen que a oferta presentada inorra en tal circunstancia)	100

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 11 de xullo de 2019, adxudicar o servizo de produción e contratacións artísticas do XXVIII Festival Rock in Cambre 2019, (exp. 2019/ C004/000014), a favor da empresa " Galicia Vella de Inversiones y Logística , S.L.", con NIF B36932309 e domicilio na rúa Alcalde Lens nº 23, 15010 A Coruña, no prezo ofertado de 115.555,00 euros IVE incluído (95.500,00 euros sen IVE), por ser a única empresa presentada , cumprir cos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, ademáis de ter achegado a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Cuarto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido nas cláusulas 17.1.11 e 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, os contratos e demais documentos previstos na citada cláusula 17.1.11 e relativos aos medios personais destinados á execución do contrato, deberán constar no expediente de contratación antes do inicio da execución do contrato, correspondéndolle ao responsable do contrato a comprobación da súa acreditación.

Ademáis, para a formalización do contrato requírese que o adxudicatario teña presentados os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto: De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por Resolución da Alcaldía nº 1268/2019 do 21 de xuño de 2019, designar como responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da LCSP, ao coordinador de cultura e educación municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar os presentes acordos á entidade adxudicataria e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación a prol da empresa "Hebe Sport, S.L.", no prezo total ofertado de 155.886,02 euros IVE incluído (141.714,56 euros sen IVE), do procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares.Expte: 2018/C004/000025

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2018/C004/000025 para a adxudicación, por procedemento aberto , con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á Organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares , cun valor estimado e un orzamento base de licitación de 220.498,19 euros .

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares que constan nas Actas da Mesa de Contratación de datas 25 de xuño e 4 de xullo de 2019 respecto das proposicións presentadas, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa data do 12 de xullo a prol do licitador “Hebe Sport, S.L.” no prezo total ofertado de 155.886,02 euros IVE incluído (141.714,56 euros sen IVE), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter xustificado debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, esto segundo informe emitido pola animadora deportiva adscrita a Educación con data do 11 de xullo actual, ratificado pola Mesa de Contratación con data do 12 de xullo de 2019.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas

administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 26 de xullo de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 26 de xullo de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 169 FASE D/AD emitido pola interventora accidental municipal con data do 26 de xullo de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 14 de xuño de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 10.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Cambre Ocio, S.L.
- Hebe Sport, S.L.
- Serviplus Total, S.L.
- Xestión Cultural Áurea, S.L.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 25 de xuño de 2019, as seguintes puntuacións outorgadas ás empresas licitadoras no criterio contemplado no punto b) da cláusula 13.2. c) do Prego de cláusulas administrativas particulares, "Memoria de execución do programa":

Empresa	Puntos
Hebe Sport, S.L.	18
Cambre Ocio, S.L.	20

Xestión Cultural Áurea, S.L.	18
Serviplus Total, S.L.	18

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 4 de xullo de 2019, aprobar a seguinte valoración dos criterios avaliados automaticamente e mailo cómputo total das puntuacións obtidas polas catro entidades admitidas na licitación, iso de conformidade co establecido no art. 157 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 13.2. c) do prego de cláusulas administrativas particulares, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, co seguinte resultado :

A) Valoración criterios avaliados automaticamente (sobre "C") :

Valoración ofertas económicas e cálculo de ofertas anormalmente baixas :

CONCEPTO	CAMBRE OCIO		SERVIPLUS		HEBE SPORT		AUREA	
	PREZO / UNID.	IMPORTE	PREZO / UNID.	IMPORTE	PREZO / UNID.	IMPORTE	PREZO / UNID.	IMPORTE
MONITOR	13.92	120909.12	13.24	115002.64	12.01	104318.86	13.67	118737.62
AUXILIAR	11.14	2673.60	10.27	2464.80	11.01	2642.40	10.60	2544.00
COORDINADOR	14.27	15411.60	13.80	14904.00	15.10	16308.00	13.98	15098.40
MAT. ACTIV.	0.75	9952.50	1.20	15924.00	1.21	16056.70	1.29	17118.30
MAT. ALMORZOS	0.90	11943.00	1.80	23886.00	0.18	2388.60	1.94	25743.80
TOTAL S/I	160889.82		TOTAL S/I	172181.44	TOTAL S/I	141714.56	TOTAL S/I	179242.12
TOTAL C/I	176978.80		TOTAL C/I	189399.58	TOTAL C/I	155886.02	TOTAL C/I	197166.33
BAIXA	30155.52		BAIXA	18863.90	BAIXA	49330.78	BAIXA	11803.22
BAIXA%	16%		BAIXA%	10%	BAIXA%	26%	BAIXA%	6%
PUNTOS	42.79		PUNTOS	26.77	PUNTOS	70.00	PUNTOS	16.75

BAIXA MÁX.	49330.78
------------	----------

MEDIA OFERT.	163506.99
- 10	147.156,29
+ 10	179.857,67

Valoración porcentaxe de persoal fixo en relación coa plantilla global da empresa (cláusula 13.2.c.b):

- Contratos indefinidos a xornada completa :

CAMBRE OCIO		SERVIPLUS		HEBE SPORT		AUREA	
PLANTILLA	32	PLANTILLA	0	PLANTILLA	50	PLANTILLA	11
COMPLETA	1	COMPLETA	0	COMPLETA	13	COMPLETA	1
%	3.13	%	0.00	%	26.00	%	9.09
PUNTOS	0.72	PUNTOS	0.00	PUNTOS	6.00	PUNTOS	2.10

% MÁXIMO	26.00
----------	-------

- Contratos indefinidos a tempo parcial :

CAMBRE OCIO		SERVIPLUS		HEBE SPORT		AUREA	
PARCIAL	22	PARCIAL	0	PARCIAL	22	PARCIAL	0
%	22.00	%	0.00	%	44.00	%	0.00
PUNTOS	2.00	PUNTOS	0.00	PUNTOS	4.00	PUNTOS	0.00

% MÁXIMO	44.00
----------	-------

-Puntuacions totais criterios avaliáveis automáticamente:

PUNTUACIÓN TOTAL

CAMBRE OCIO		SERVIPLUS		HEBE SPORT		AUREA	
TOTAL	45.51	TOTAL	26.77	TOTAL	80.00	TOTAL	18.85

B) Puntuacións globais criterios cláusula 13.2. c (Oferta económica; memoria de execución do Programa e porcentaxe de persoal fixo en relación coa plantilla global da empresa):

Empresa	Puntuación criterio Xuizos de valor (Memoria execución)	Puntuación criterios cuantificables de forma automática (prezo + porcentaxe persoal fixo)	TOTAL
Cambre Ocio, S.L.	20	45,51	65,51
Serviplus Total, S.L.	18	26,77	44,77
Hebe Sport, S.L.	18	80	98
Xestión Cultural Área, S.L.	18	18,85	36,85

A orde decrecente de puntuacións establécese da seguinte maneira :



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Empresa	Puntos
Hebe Sport, S.L.	98
Cambre Ocio S.L.	65,51
Serviplus Total, S.L.	44,77
Xestión Cultural Área, S.L.	36,85

Cuarto : De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 12 de xullo de 2019, adxudicar o servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares (exp. 2018/ C004/000025), a favor da empresa " Hebe Sport, S.L.", con NIF B-15890809 e domicilio na rúa Venezuela nº 3, 15160 Sada (A Coruña), no prezo total ofertado de 155.886,02 euros IVE incluído (141.714,56 euros sen IVE), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter xustificado debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, esto segundo informe emitido pola animadora deportiva adscrita a Educación con data do 11 de xullo actual, ratificado pola Mesa de Contratación con data do 12 de xullo de 2019.

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse principalmente no prezo ofertado, e na porcentaxe de persoal fixo en relación coa plantilla global da empresa, criterios nos que a empresa obtivo as maiores puntuacións.

Quinto: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

O adxudicatario presentará, antes da firma do contrato, os documentos relativos ao seguros de responsabilidade civil, e de accidentes, a que se refire a cláusula 26, do prego de cláusulas administrativas particulares, e cláusula Segunda, punto d) do Prego de prescricións técnicas particulares.

De conformidade co establecido nas cláusulas 15.J e 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, os contratos e demáis documentos previstos na citada cláusula 15.J e relativos aos medios personais destinados á execución do contrato,

deberán constar no expediente de contratación antes do inicio da execución do contrato, correspondéndolle ao responsable do contrato a comprobación da súa acreditación.

Sexto: De conformidade coa cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 14 de maio de 2019, designar como responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da LCSP, ao coordinador de cultura e educación municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos á entidade adxudicataria e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, contra o presente acordo non procede a interposición de recursos administrativos ordinarios, puidéndose interpoñer con carácter potestativo o recurso especial en materia de contratación contemplado na cláusula 33.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, e artigos 44 e seguintes da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

De conformidade co establecido no artigo 50 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, o prazo para a interposición deste recurso é de **quince días hábiles** a contar desde o día seguinte ao do aviso de posta a disposición da notificación a través da plataforma Notifica.gal, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, asimismo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, *"pola que se establecen os formularios normalizados que se van empregar nos procedementos de impugnación perante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público"*, (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_es.html.

En todo caso, ao abeiro da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obligatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan

unha actividade profesional para a que se requira colexiación obligatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Contra a resolución dictada neste procedemento de recurso especial solo caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo, consonte ao disposto no artigo 10, letras k) e l) do apartado 1, da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

No caso de que se interpoña directamente o recurso contencioso-administrativo, o prazo para a súa interposición é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa Ceta Contratas, S.L. adxudicataria da obra "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon" obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon", convenio nº 81/2018 de data 7 de novembro de 2018". Expediente 2018/C003/000030

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co número 2018/C003/000030 para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon", obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon", convenio nº 81/2018 de data 7 de novembro de 2018.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de maio de 2019 polo que se adxudicou a obra á empresa Ceta Contratas, S.L. asinándose o correspondente contrato o día 18 de xuño de 2019.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria Ceta Contratas, S.L. con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 12 de xullo de 2019 e número 201999900001049, e visto o informe favorable á aprobación do Plan de Seguridade e Saude de data 16 de xullo de 2019, emitido por don Franciso Jesús Cobas Fernández, da empresa "Gallega de Coordinaciones, S.L.", con entrada neste Concello o día 16 de xullo de 2019 e rexistro de

entrada 201999900001072, entidade que foi designada coordinadora da seguridade e saúde da obra por Decreto de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro de 2018, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Ceta Contratas, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 12 de xullo de 2019 e número 201999900001049.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria *Ceta Contratas, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 12 de xullo de 2019 e número 201999900001049.

Visto o informe favorable emitido co data 19 de xullo de 2019 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Ceta Contratas, S.L.*, para a execución da obra denominada "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon" obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon", convenio nº 81/2018 de data 7 de novembro de 2018".

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Ceta Contratas, S.L.*, para a execución da obra denominada "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon" obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon", convenio nº 81/2018 de data 7 de novembro de 2018".

Terceiro: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Ceta Contratas, S.L.*, para a execución da obra denominada "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon" obra financiada mediante convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para a cofinanciación das obras de "Reordenación entorno Rúas Polígono y Francisco Añon", convenio nº 81/2018 de data 7 de novembro de 2018".

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Ceta Contratas S.L.*, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia